

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORAS DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. Así, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego.

Con data 21.07.2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas; e, o Consello de Ministros mediante o seu Acordo de data 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Unha das políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (VIII) ten como obxectivo xeral a transformación e modernización do sistema de formación profesional, de tal xeito que se configure como un eixe vertebrador dun novo modelo económico baseado no coñecemento, con capacidade para dar resposta as constantes transformacións dos sectores produtivos, manter a empregabilidade das persoas traballadoras e por ende mellorar a produtividade e a competitividade das empresas. Trátase polo tanto de poñer a dispor da cidadanía e dos sectores produtivos unha formación que poida dar resposta aos distintos perfís profesionais, que así mesmo están en constante evolución, contendo os elementos que permitan o emprendemento, a innovación, a actualización de coñecementos e competencias e en definitiva a posibilidade de facer realidade o proceso do aprendizaxe ao longo de toda a vida.

En concreto o compoñente 20.I01.P04 do Plan “Reskilling y upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales” entre cuxas liñas de actuación figura a número 4, que atende á formación en competencias emerxentes, de rápida evolución e con perspectiva na xeración de emprego, tanto para persoas desempregadas como en activo. Así mesmo, atende tamén á formación naqueles sectores que, como consecuencia da previsible evolución das condicións económicas e sociais, xerarán no futuro postos de traballo.

O 16 de novembro de 2021 o Consello de ministros aprobou O Acordo polo que se autoriza a distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas destinados a accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o exercicio 2021.

Na sesión da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebrada o día 1 de decembro de 2021, aprobáronse os criterios de repartición e a distribución resultante entre as comunidades autónomas para o ano 2021, resultando un importe total de 4.386.525,26 euros destinado a financiar o reskilling e upskilling da poboación activa, vinculado as cualificacións profesionais, no marco do compoñente 20 do “Plan estratéxico de impulso da Formación Profesional”, Investimento 1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Antecedentes

Unha das actuacións que corresponde levar a cabo ás Comunidades Autónomas, dentro do dito compoñente 20 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é a detección de necesidades formativas, con especial énfase na formación en competencias emerxentes, de rápida evolución.

No marco das competencias sinaladas no apartado primeiro dos convenios e conscientes dos retos inmediatos que o mercado laboral ten que afrontar un dos prioritarios é a cualificación e recualificación profesional das persoas, que permita abordar os procesos de transformación



que se están produciendo e que implican a transformación dalgúns postos de traballo. Neste sentido, o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade, coa finalidade de anticiparse as consecuencias e efectos que van supoñer os cambios que os procesos de transformación van supoñer no mercado laboral e, polo tanto, na vida diaria das persoas traballadoras e das empresas, amosa nos seus resultados que se advirte a existencia dun déficit de persoas cualificadas no sector da industria do metal e tecnoloxías asociadas, o que fai necesario actuar en varios ámbitos, sendo un deles o da formación e/ou recualificación, sobre todo no que atinxe a dar resposta ao cambio na demanda de competencias e cualificacións que vai ter que afrontar o emprego nos próximos anos.

Pola outra banda, Asime é unha entidade non lucrativa que aglutina a empresas e axentes vinculados a toda a cadea de valor do sector do metalmecánico en Galicia que engloba, entre outros, os subsectores da metalurxia e siderurxia, da fabricación de maquinaria para a industria, da fabricación de material de transporte, maquinaria e compoñentes para a automoción, para o transporte ferroviario e para a industria aeronáutica, aeroespacial e militar, da fabricación de maquinaria e aparatos eléctricos e electrónicos.

Esta entidade ten entre os seus obxectivos fortalecer a estrutura das empresas que o integran achegándolles vantaxes competitivas a través de mecanismos de cooperación e co propósito de contribuír á mellora da súa competitividade, aproveitando as sinerxias derivadas do intercambio de experiencias e coñecementos, dos mecanismos de apoio e do traballo cooperativo en rede. Así mesmo, tamén ten como obxectivos incrementar a innovación, o desenvolvemento profesional das persoas e a excelencia operativa para garantir a competitividade do sector.

Para a consecución deses obxectivos, entre outras actuacións que desenvolve está a coordinación das relacións institucionais e a interlocución coas Administracións para o desenvolvemento de actuacións de interese para o sector, así como tamén contribuír a mellorar a cualificación e a formación das empresas asociadas e do seu persoal, fomentando, coordinando e impartindo cursos, seminarios e programas formativos. De feito ven desenvolvendo dende hai anos programas de formación nos que combinan formación de carácter táctico, para responder ás necesidades formativas das empresas de xeito inmediato con programas de compoñente máis estratéxico e contribuír así activamente á competitividade do sector a longo prazo.

Con esta colaboración a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación de industrias do metal e tecnoloxías asociadas de Galicia garántese un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas entidades en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, xa que a promoción desta



iniciativa favorece aumentar formación no sector e o aumento da empregabilidade no que atinxe ás carencias de formación do seu persoal así como que se axusten as súas necesidades e demandas de cualificación e recualificación, contribuíndo ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e aumentar a innovación e produtividade das empresas.

Marco normativo de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor do convenio en canto ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

- **Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020**, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19
- **Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro**, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)
- **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España** (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)
- **Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro**, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR
- **Lei 9/2021, do 25 de febreiro**, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- **Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro**, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR
- **Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro**, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Clúster Asime un instrumento convencional.



A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e o Clúster Asime para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública para os efectos da subscripción deste convenio posto que este é un axente idóneo.

En virtude do anterior, Asime cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)
A Directora xeral de Formación e Colocación
Zeltia Lado Lago